- Ademais, estableceranse todas aquelas medidas que requira o alumnado con NEAE, en función das súas necesidades, e que se recollen nos diferentes protocolos publicados pola consellería de educación, tendo en conta as orientacións establecidas polo departamento de orientación nos informes de avaliación psicopedagóxica.

✓ **ATENCIÓN EXTRAORDINARIA:**

Son as medidas que se levarán a cabo unha vez se comprobe que non foron suficientes as medidas ordinarias para dar resposta ás necesidades do alumnado.

- **Repetición de curso.** O alumnado accederá ao ciclo seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos que correspondan ao curso realizado ou os obxectivos da etapa, e que alcanzou o grao suficiente na adquisición das competencias correspondentes. De non ser así, poderá repetir curso unha soa vez durante a etapa, cun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio.

A repetición será unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

O equipo docente adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. Aplicaranse os procedementos de avaliación e criterios de promoción establecidos polo centro.

- **Reforzo Educativo con apoio de PT/AL.** Esta medida contempla o apoio do profesorado especialista en audición e linguaxe ou en pedagogía terapéutica. Para que se produza este tipo de atención, será necesario que así o aconselle a avaliación psicopedagóxica realizada polo departamento de orientación.

O centro conta con dúas mestras especialistas en Audición e Linguaxe e unha mestra especialista en Pedagogía Terapéutica. Ditos apoios teñen como referentes os principios de inclusión e normalización e desenvolveranse, na medida do posible, integrados nas accións educativas ordinarias do grupo de referencia, levándose a cabo na aula ordinaria.

Para o deseño dos apoios teranse en conta os seguintes criterios prioritarios:

1. Atenderase a aquel alumnado con N.E.E. de tipo permanente: discapacidades cognitivas, trastornos xeneralizados de desenvolvemento, trastornos sensoriais, motóricos, problemas graves de personalidade ou conduta (psicóticos, TDA-H...) e que así o aconselle a correspondente avaliación psicopedagóxica.
2. Atenderase ao alumnado obxecto dunha ACS.
3. Alumnado con N.E.A.E. de carácter non permanente (dificultades de aprendizaxe e baixo rendemento escolar, con trastornos específicos de linguaxe, medio social ou familiar desfavorecido...).
4. Atenderase ao alumnado que necesita RE e que repite curso.

5. Alumnado que precisa reforzo e finaliza etapa.
6. Buscarase un apoio de calidade fronte a un de cantidade.

A proposta de atención ao alumnado con N.E.A.E. (horarios e modalidades) será elaborada polo profesorado especializado (P.T. e A.L.) en xuntanza coa orientadora; será presentada ao profesorado afectado para o seu coñecemento e consideración. De aquí deberá xurdir a proposta definitiva de prestación do servizo de apoio, que a orientadora facilitara á xefatura de estudos.

- **Flexibilización do período de escolaridade.** A escolarización, tanto en educación infantil como en primaria poderá, excepcionalmente, aumentarse ou reducirse nun ano respecto do establecido con carácter xeral en función, respectivamente, das necesidades educativa especiais ou das altas capacidades intelectuais do alumnado, despois da avaliación psicopedagóxica correspondente.
No caso do alumnado con altas capacidades intelectuais, a flexibilización consistirá nun salto dun curso escolar para o cal, previamente, elaborárase unha adaptación curricular significativa para o alumno/a, que contemplará a impartición de contidos e a adquisición de competencias propias de cursos superiores. Proporase cando resulten insuficientes outras medidas de reforzo ordinario, como os programas de enriquecemento curricular, que deben permitir desenvolver ao máximo as capacidades deste alumnado e terán en consideración o seu ritmo e o estilo de aprendizaxe.
- **Adaptacións curriculares (ACS).** Refírense ao conxunto de decisións que toma o profesorado desde a programación de aula para elaborar unha proposta educativa para o alumnado con necesidades educativas especiais, co fin de dar resposta as súas necesidades. En función do seu contido, distinguimos entre:
 - **Adaptacións de Acceso ao Currículo:** consisten en modificacións ou provisión de recursos formais (espazo e tempo), materiais, persoais e de comunicación que van facilitar que o alumnado con n.e.e. poida acceder ao currículo ordinario ou, no seu caso, ao currículo adaptado.
 - **Adaptacións Curriculares:** As Adaptacións Curriculares Significativas (ACS) modifican elementos prescritivos do currículo, como son os obxectivos, contidos e criterios de avaliación, que poderán ser readaptados, reducidos, suprimidos, complementados ou ampliados. Diríxense ao alumnado que, por diversas razóns educativas, sociais, culturais, por padecer déficit de calquera índole ou por posuír calidades excepcionais, non poden seguir o proceso ordinario de ensino-aprendizaxe sen medidas de modificación esencial do currículo de referencia. Estarán precedidas, en todo caso, dunha avaliación das necesidades educativas especiais e da conseguinte proposta curricular específica, e se realizarán buscando o máximo desenvolvemento posible das competencias básicas. A avaliación continua e a promoción tomarán como referente os elementos fixados nas devanditas adaptacións.

No presente curso elaboraranse 3 adaptacións curriculares significativas, para alumnado de 4º, 5º e 6º de E.P.

16.4. CONCRECIÓN DO CRONOGRAMA DE ACTUACIÓN QUE FIGURA NO ANEXO DO DOCUMENTO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E CALENDARIO DE REUNIÓN MENSUAIS DE SEGUIMENTO DE ALUMNADO

ACTIVIDADE	DESTINATARIOS	RESPONSABLE	RECURSOS	TEMPO
Constitución do D.O.	Comunidade educativa	Xefa do D.O.	Reunións Dto.	Setembro
Elaboración do Plan de Orientación Educativa	Comunidade educativa	Xefa do D.O.	Reunións Dto.	Setembro
Elaboración da proposta do Plan de Acción Titorial	Comunidade educativa	D.O.	Reunións Dto.	Setembro
Tramitar as solicitudes de axudas para alumnado con neae (Convocatoria MECD)	Alumnado con NEAE	Xefa do D.O.	Instrucións do servizo de inspección educativa	Setembro/ outubro
Colaborar co profesorado na avaliación inicial do alumnado	Profesorado e alumnado	D.O.	Protocolo de actuación	Setembro/ outubro
Asesoramento e participación na elaboración de ACS	Profesorado e alumnado	Xefa do D.O., profesorado apoio, titor e /ou de área	Protocolo de actuación	1º trimestre
Valoración fonoarticulatoria	Alumnado de Infantil e primaria	Profesoras de A.L.	Protocolo de actuación	1º trimestre e cando proceda
Colaborar na implementación do plan de acollida do alumnado novo.	Alumnado de 3 anos	Xefa do D.O., equipo directivo, profesorado infantil e 1º primaria	Plan de acollida	1º e 3º trimestres
Elaboración da proposta de organización dos apoios para o alumnado con n.e.a.e.	Alumnado con n.e.a.e.	Xefa de D.O. e profesorado de apoio	Reunións co profesorado Horarios	setembro
Colaboración co programa de acollida á ESO do IES Johan Carballeira	Alumnado de 6º primaria	Xefa do D.O. e profesorado titor	Protocolo de actuación	3º trimestre
Charla e entrevistas para orientación académica	Nais/pais e alumnado de 6º de primaria	Xefa do D.O. e orientadora do IES	Protocolo de actuación	3º trimestre
Seguimento e avaliación do alumnado con ACS e do que segue un programa de reforzo educativo.	Alumnado con n.e.a.e.	D.O. Profesorado implicado	Protocolo de actuación	Mensual

Asistencia ás reunións do D.O. do IES Johan Carballeira	Comunidade educativa	Xefa do D.O.	Convocatoria	Trimestral
Colaboración co CIM do concello na programación de actividades para a prevención da violencia e fomento da igualdade entre homes e mulleres.	Comunidade educativa	D.O. e profesorado	Reunións de coordinación co CIM Material sobre a temática	Datas conmemorativas: 25 novembro e 8 marzo
Coordinar o funcionamento do Plan de Benestar.	Comunidade educativa	Xefa do D.O.	Guía para o plan de benestar	Todo o curso
Colaborar na actualización dos distintos documentos que integran o PEC e o PCC	Comunidade educativa	D.O.	Reunións do Dto., de profesorado, claustro	Todo o curso
Asistencia ás reunións da CCP, xuntas de avaliación, reunións titoriais	Comunidade educativa	D.O.	Convocatoria	Todo o curso
Revisar co profesorado a situación do alumnado susceptible de n.e.a.e., e realizar as avaliacións psicopedagóxicas pertinentes	Alumnado	D.O. Profesorado	Protocolo de actuación	Todo o curso
Elaboración de informes (psicopedagóxicos, para a intervención do profesorado, de fin de etapa, ...)	Alumnado Profesorado Nais e pais	D.O.	Protocolo de actuación	Todo o curso
Atención directa ao alumnado con n.e.a.e. para desenvolver os respectivos programas de intervención	Alumnado con n.e.a.e.	Profesorado de apoio especializado	Programas de intervención	Todo o curso
Coordinación e organización da resposta educativa ao alumnado con n.e.a.e.	Alumnado con n.e.a.e.	D.O.	Reunións co profesorado	Todo o curso
Asesorar ao profesorado na realización dos reforzos educativos e sobre aspectos organizativos e pedagóxicos para a atención á diversidade	Alumnado Profesorado	D.O.	Bibliografía Reunións	Todo o curso
Revisar e actualizar os recursos do D.O., en especial os materiais de apoio e avaliación	Comunidade educativa	D.O.	Presuposto anual	Todo o curso
Coordinarse cos servizos da comunidade que atenden aspectos específicos do alumnado (sanidade, servizos sociais, EOE, etc...)	Comunidade educativa	D.O. Profesorado	Protocolos de actuación	Todo o curso

Implementación do protocolo de absentismo escolar	Comunidade educativa	D.O.	Plan de absentismo escolar	Todo o curso
Proposta e coordinación actividades e programas destinados á promoción da convivencia e á resolución pacífica de conflitos	Comunidade educativa	D.O. Profesorado	Plan de Convivencia Programa de Mellora da Convivencia. Mediación escolar. Programa de sensibilización contra o acoso escolar.	Todo o curso
Colaborar na elaboración do Plan de Igualdade e diversidade afectivo-sexual.	Comunidade educativa	D.O. Profesorado	Plan de Igualdade do Concello	Todo o curso
Colaboración coa programación dos equipos de Biblioteca, TICs e Dinamización Lingüística	Comunidade educativa	D.O.	Protocolo de actuación	Todo o curso
Entrevistas coas familias do alumnado con n.e.a.e.: demanda de datos relevantes, información sobre medidas de atención educativa, busca de colaboración na resposta educativa proposta.	Alumnado do centro e a súa familia	D.O. Profesorado	Protocolo de actuación	Todo o curso
Seguimento e avaliación do Plan de Orientación	Comunidade educativa	D.O.	Reunións de Dto.	Ao longo do curso
Facilitar, en forma e prazo, a información que se demande nas aplicacións informáticas drdoriente e drdadi	Comunidade educativa	Xefa do D.O.	Instrucións da Consellería de Educación	Segundo demanda
Elaboración da memoria final do D.O.	Comunidade educativa	Xefa do D.O.	Protocolo de actuación	Xuño

17. CONCRECIÓN PLAN DE CONVIVENCIA

- Constitución do equipo.

Nome Coordinador/a	Nivel/Especialidade
Paula Tobío Chapela	Orientadora

Nome equipo dinamización de convivencia	Nivel/Especialidade
Sarai Lusquiños Area	Especialista AL
Inmaculada C. Rodríguez Días	Titora EP
M ^a Jesús Fernández Enríquez	Titora EP
Silvia García Freire	Titora EP

- Concreción anual dos obxectivos marcados no mesmo e actuacións que se van desenvolver ao longo do curso.

Obxectivo: Previr o acoso escolar			
Acción 1	Actividades para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar e ciberacoso.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	O alumnado detecta e actúa ante situacións de posible acoso escolar.		
Responsables	Todo o profesorado		
Recursos e materiais	Calquera necesario para levar a cabo as actividades		
Acción 2	Obradoiros para a prevención de condutas aditivas e de xestión das novas tecnoloxías		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	O alumnado participa activamente nos obradoiros		
Responsables	Titoras		
Recursos e materiais	Calquera necesario para levar a cabo as actividades		

Obxectivo: Favorecer a adaptación ao centro do alumnado novo.			
Acción 1	Actividades do Plan de Acolida para o alumnado que se incorpora ao centro.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	O alumnado novo adaptase con normalidade ao centro		
Responsables	Todo o profesorado e Equipo Orientación		
Recursos e materiais	Todos os necesarios		
Acción 2	Actividades de tránsito do alumnado de 6º de infantil a 1º primaria e do alumnado de 6º de primaria a 1º da ESO.		
	Temporalización		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	O alumnado fai o cambio de etapa con normalidade		
Responsables	Equipo de Orientación e titoras dos niveis correspondentes.		
Recursos e materiais	Todos os necesarios para levar a cabo as actividades.		

18. CONCRECIÓN PLAN DE IGUALDADE

Actividade	Data prevista	Curso implicado	Profesorado responsable
Colaboración con CIM do concello na programación de actividades para a prevención da violencia e fomento da igualdade entre homes e mulleres.	Novembro marzo	Todo o centro	Departamento Orientación e titoras.
Obradoiros de igualdade e diversidade afectivo-sexual	Por determinar	Todo o centro	Departamento Orientación e titoras.

19. PLURILINGÜISMO

19.1. PROFESORADO RESPONSABLE

Nome Coordinador/a	Horas redución
Marina E. Presas Ferreiro	1h
Nome profesores AICLE/CLIL	Nivel/Especialidade
Elsa Muñiz Hermo	Especialista Música
M ^a Dolores Carballo Rúa	Titora EP
Ainhoa Suárez Portas	Titora EP
Rosa González Juncal	Titora EP
Ana M ^a Cabaleiro Acuña	Arts
Susana Simoes de Sousa	Titora EP

19.2. PLURIINFANTIL

Curso	Nº grupos	Nº alumnado total	Materias	Lingua estranxeira
4º EI	2	24	Crecedemento en harmonía	Inglés
5º EI	2	33	Crecedemento en harmonía	Inglés
6º EI	1	21	Crecedemento en harmonía	Inglés

19.3. CENTROS PLURILINGÜES

Curso	Nº grupos	Nº alumnado total	Materias	Lingua estranxeira
1º EP	2	29	Música e Danza E. Plástica e Visual	Inglés
2º EP	2	41	Música e Danza	Inglés

			E. Plástica e Visual	
3º EP	2	31	Música e Danza E. Plástica e Visual	Inglés
4º EP	2	47	Música e Danza E. Plástica e Visual	Inglés
5º EP	2	34	Música e Danza E. Plástica e Visual	Inglés
6º EP	3	51	Música e Danza E. Plástica e Visual	Inglés

19.4. MECANISMOS DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROGRAMA

PLURILINGÜE OU SECCIÓNS BILINGÜES

Para facer o seguimento do Programa Plurilingüe e debido á imposibilidade, por razóns de horario, de que os membros do equipo coincidan nunha mesma sesión en horario lectivo e poidan reunirse semanalmente de maneira presencial, farano unha vez ao mes. Pero a todos os efectos, o contacto dos membros do equipo é continuo a través de medios electrónicos. Para levar a cabo a avaliación teremos en conta os seguintes instrumentos e procedementos:

1. Observación sistemática: escala de observación e rexistro anecdótico persoal.
2. Análise das producións do alumnado: cadernos e fichas de clase, textos escritos, producións orais.
3. Intercambios orais cos alumnos/as: diálogos, brain storming, entrevistas, postas en común. Asembleas...
4. Probas específica: resolución de exercicios, participación e elaboración de traballos de forma autónoma.

Para facer unha valoración do Programa, ao remate de curso teranse en conta os seguintes aspectos:

1.- Melloría con respecto á programación	1	2	3	4	5
Seguíronse os puntos establecidos na programación de cada área plurilingüe.					
Traballáronse todos os contidos contemplados nas programacións					
Aplicouse a metodoloxía programada					
Aplicáronse as medidas de atención á diversidade ao alumnado que o precisou					
Aplicáronse os procedementos de avaliación e cualificación programados					
Leváronse a cabo medidas de reforzo educativo dirixido ao alumnado que presentou dificultades de aprendizaxe					
Empregáronse os materiais e recursos didácticos programados					

As coordinacións entre o profesorado plurilingüe foi a establecida.					
As coordinacións coas titoras/es e co profesorado que imparte no mesmo nivel foron frecuentes					
2.- Melloría observada con respecto ao alumnado:	1	2	3	4	5
Recoñece e emprega a linguaxe de aula dun xeito máis automatizado.					
Executa con corrección as instrucións e ordes que se lle dan á hora de realizar as tarefas da materia.					
Participa en conversas manifestando e aportando as súas ideas e escoitando e comprendendo ás dos demais.					
Pronuncia con corrección palabras e frases sinxelas, coa entoación adecuada, cun léxico cada vez máis rico.					

19.5. MECANISMOS DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO AUXILIAR DE CONVERSA

Nome Auxiliar de conversa	Horas lectivas semanais
Jessica Hartley	12h
Tarefas	
Asiste aos/ás docentes CLIL como apoio lingüístico na aula	Si <input type="checkbox"/> Non <input checked="" type="checkbox"/>
Apoia aos/ás docentes CLIL na planificación das clases e na elaboración de materiais didácticos	Si <input type="checkbox"/> Non <input checked="" type="checkbox"/>
Asiste aos/ás docentes de lingua estranxeira como apoio lingüístico na aula	Si <input checked="" type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>
Outras tarefas (especificar): Colabora na elaboración e planificación das sesións de speaking e participa en actividades complementarias e extraescolares.	Si <input checked="" type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>

20. PLAN PROXECTA+

- Concreción do/s programa/s no/s que se participa.

Nome do Plan Proxecta+: especificar	
Descrición do programa	MeteoEscolas
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> • Desenvolver no alumnado a capacidade de recoller e interpretar datos meteorolóxicos: temperaturas máximas e mínimas, precipitacións, velocidade do vento... • Introducir, durante todo o curso, os datos recollidos na páxina web de Meteoescolas. • Elaborar cos datos recollidos distintos tipos de gráficas, como climogramas

	<p>ou diagramas de barras, que poidan ser traballados noutras áreas do coñecemento.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Construír instrumentos caseiros de medición de magnitudes meteorolóxicas. • Desenvolver de xeito interdisciplinar competencias en investigacións medioambientais. • Crear no alumnado inqueda por coñecer por que se producen determinados fenómenos meteorolóxicos e investigar as súas causas e consecuencias. • Educar en valores favorecendo o traballo en equipo, respectando quendas e aportacións dos compañeiros/as, fomentando a participación, o consenso, as interrelacións e a distensión dentro do grupo. 			
Cursos implicados	Todos os cursos dende 4º de infantil ata 6º de primaria			
Temporalización	<table border="1"> <tr> <td>1º T <input checked="" type="checkbox"/></td> <td>2º T <input checked="" type="checkbox"/></td> <td>3º T <input checked="" type="checkbox"/></td> </tr> </table>	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>		
Indicador	<p>Participación de todos os cursos de primaria na recollida de datos meteorolóxicos na garita situada no patio do colexio.</p> <p>Observación e recollida de datos meteorolóxicos por parte do alumnado de infantil.</p> <p>Participación de todos os cursos nas actividades programadas relacionadas coa meteoroloxía.</p>			
Responsables	A coordinadora e as titoras de todos os niveis.			
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> • O alumnado de infantil fará todos os días análises de como está o ceo de cuberto, e logo elaborarán un resumo semanal ou mensual co tempo de todos os días e un traballo estatístico de cantos días houbo de cada tipo. • O alumnado de primaria por quendas establecidas de antemán, recollerá cada día, agás os fins de semana e festivos, os datos meteorolóxicos na garita que irá anotando no lugar correspondente destinado a tal fin. • O alumnado dos distintos niveis deseñará e levará a cabo distintas actividades dentro do currículo relacionadas coa meteoroloxía: cambios climáticos a través das estacións, o ciclo da auga e os seus estados e hábitos de consumo sostible da mesma, cambios climáticos que afectan á natureza: animais, vexetación, paisaxe..., as nubes e os seus tipos, climogramas e como inflúe o clima na alimentación, os raios solares e a súa influencia no noso planeta, ... • Cando se produzan fenómenos meteorolóxicos relevantes na nosa bisbarra ou Comunidade Autónoma comentáremos nas aulas co alumnado. • As mestras de inglés traballan como rutina, de maneira sistemática, a data e o tempo de cada día, así como vocabulario e expresións relacionadas co mesmo. Para toda esta actividade contamos coa colaboración do auxiliar de conversa. 			

21.CONTRATOS-PROGRAMA: PLAN RECUPERA

Liña de actuación: Plan Recupera			
Descrición do programa	PROA+ (programa de acompañamento escolar dentro do horario lectivo)		
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> • Reducir o número de materias suspensas e mellorar as competencias do noso alumnado, principalmente a de aprender a aprender. • Acadar un maior nivel de autonomía no traballo escolar, así como estratexias de organización e planificación do traballo. • Desenvolver a competencia socioafectiva aprendendo a identificar e regular as emocións e a resolver pacificamente os conflitos. Mellorar a empatía e a cooperación entre iguais. • Garantir a todo o alumnado o manexo das ferramentas dixitais xa que no 3º ciclo o alumnado participa no Proxecto Edixgal. • Xerar no alumnado máis vulnerable (sen apoio familiar) os hábitos de traballo necesarios para a consecución dos obxectivos escolares. 		
Cursos implicados	3º, 4º, 5º e 6º		
Temporalización	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	<ul style="list-style-type: none"> • Teranse en conta o número de suspensos nas materias instrumentais e a melloría reflectida grazas ao programa ao longo do curso. • Establecer un rexistro de incidencias a nivel de convivencia. • Participación do alumnado nas tarefas de aprendizaxe cooperativo. • Grao de mellora na autonomía do alumnado á hora de realizar as diferentes tarefas, tamén das asignadas para casa e do seu hábito de traballo. 		
Responsables	Mestra asignada e titoras dos niveis mencionados.		
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> • Programa de técnicas de estudo nas áreas de ciencias naturais e/ou sociais. • Programa de mellora de expresión escrita nas áreas da linguas. • Aprendizaxe cooperativo para levar a cabo os diferentes proxectos curriculares ao longo de todo o curso en función dos contidos das distintas áreas. • Introducción das ferramentas dixitais dentro dos diferente programas mencionados. • Elaboración e seguimento de contratos individuais de traballo escolar co alumnado máis vulnerable. • Elaboración de guías ou modelos con autoinstrucións para diferentes tipos de tarefas, entrenando no seu uso ao alumnado con déficit nas funcións executivas. 		

22. OUTROS PLANS E PROXECTOS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO

Proxecto: Radio na Biblio		
Descrición do programa	Programa enmarcado dentro do Plan Lía de Bibliotecas Escolares para a introdución da radio nas bibliotecas escolares dos centro.	
Obxectivos	Favorecer proxectos de educación das competencias informacionais e mediáticas do alumnado. Ampliar as linguaxes presentes na biblioteca, promover a expresión oral, a alfabetización múltiple e o traballo colaborativo do profesorado e o alumnado.	
Cursos implicados	Todo o centro	
Temporalización	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Participación de todos os niveis nun 90%, nas actividades da radio escolar	
Responsables	Equipo de biblioteca, equipo docente, equipo directivo.	
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> • As actividades prográmanse por niveis ou ciclos e tendo en conta o proxecto anual da biblioteca que neste curso estará baseado no xogo “As Olimpíadas de Papyrus” • Obradoiros co alumnado para a realización de guións e aprender o manexo da emisora. • Gravacións de novas de interese e textos informativos segundo os diferentes proxectos que se estean a traballar nas aulas • Entrevistas a distintos escritores, contacontos ou persoas de interese que se acheguen ao noso centro. • Conmemoración de datas especiais: día das escritoras, Samaín, día de Rosalía de Castro, día da non violencia, día da poesía, día do libro, día das letras galegas... con actividades variadas. • Recomendacións de lecturas e presentación de novidades da biblioteca. 	

Programa: Bibliotecas Escolares Solidarias (Voluntariado de lectura-A)		
Descrición do programa	Programa enmarcado dentro do Plan Lía de Bibliotecas Escolares para a formación do alumnado en actitudes solidarias e de compromiso co seu entorno máis próximo, pero tamén co mundo no que vive e coa sociedade na que está integrado.	
Obxectivos	O obxectivo desta acción é estimular o voluntariado cultural en relación coa lectura entre o alumnado. Esta iniciativa pretende favorecer a formación de actitudes de colaboración e de solidariedade entre o alumnado galego, especialmente no ámbito cultural, que poderá materializarse en actividades de colaboración coas propostas realizadas dende a biblioteca escolar ou a través de actividades de lectura compartida organizadas pola biblioteca, dentro ou fóra do centro.	
Cursos implicados	Alumnado voluntario de 6º de primaria	
Temporalización	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Participación activa e comprometida do 75% do alumnado de 6º P.	
Responsables	Equipo de biblioteca, alumnado 6º	
Actividades	<p>As actividades enmárcanse en tres modalidades:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Modalidade A- Colaboración coa biblioteca escolar: o alumnado de 6º de primaria colabora co equipo de biblioteca durante o tempo de recreo en tarefas propias da biblioteca escolar como axudantes: empréstitos, devolucións, asesoramento e atención aos usuarios, manter a orde nos andeis e nos distintos espazos, labores de xestión e animación da lectura... • Ler con D- Lecturas compartidas dentro do centro: o alumnado de 6º de primaria organiza contacontos no tempo de recreo ou na hora de ler a 	

	<p>rapaces/zas doutros niveis, apadriñamentos lectores e exposicións de traballos de investigación nos que pode participar alumnado de todo o centro.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Ler con F- Lecturas compartidas fóra do centro: o alumnado de 6º de primaria organiza actividades de animación á lectura, representacións teatrais a colectivos externos ao centro: escolas infantís, centros de maiores...
--	--

23. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

- Protocolo para a solicitude.

Para a solicitude das instalacións do centro seguirase este protocolo:

1. A entidade interesada deberá presentar unha solicitude por escrito na secretaría do centro, á que se lle dará rexistro de entrada. Na mesma deberá constar a data ou datas de uso que se solicitan, o horario, o espazo/s que se solicita e os usos que se lle van dar ás instalacións.
2. A entidade tamén deberá presentar a copia da póliza de seguro de responsabilidade civil ao seu nome.
3. O Consello Escolar do centro terá que ser convocado para dar o visto bo á solicitude presentada.

- Horarios dispoñibles.

Os horarios dispoñibles serían de luns a venres a partires das 18h que é cando rematan as actividades extraescolares xestionadas pola ANPA do centro.

- Solicitudes xa cursadas.

A día de hoxe temos unha solicitude dunha monitora, Susana Alonso Figueroa, pertencente ao Club Deportivo Cardiosalud de Bueu para impartir clases de zumba e ximnasia no noso ximnasio para este curso escolar.

Instalación: Ximnasio do centro		
Entidade que a usa	Susana Alonso Figueroa	
Participan membros da comunidade educativa	<input type="checkbox"/> Alumnos	<input checked="" type="checkbox"/> Pais/Nais
		<input checked="" type="checkbox"/> Poboación Bueu
Horario de uso	Luns e xoves de 19 h a 20 h – 20h a 21h	

24. PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA

As actividades extraescolares propostas pola ANPA levaranse a cabo de luns a venres en horario de tarde (16:00h a 18:00h).

Estarán distribuídas nos seguintes espazos: ximnasio, patio exterior, aulas exteriores 1 e 2 (situadas na zona das vivendas) e cociña do comedor escolar.

Hora/espazo	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
16-17h Ximnasio	Taekwondo	Ludoteca- multideporte	Ximnasia rítmica	Zumba	Baloncesto
16-17h Aula 1	Música tradicional	Taller cómic		Xadrez	Plástica creativa
16-17h Aula 2	Ludoteca manualidades	Robótica Lego	Robótica Lego	Inglés Learn'n fun	Ludoteca-TIC
16-17h Cociña	Lingua de Signos	Cociña creativa	Ludoteca- cociña	Cociña creativa	Lingua de Signos
17-18h Ximnasio	Multideporte	Teatro	loga		
17-18h Cociña/Aula 1					

25. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

Avaliaremos durante o curso todos aqueles aspectos relacionados co labor docente, potenciando o traballo dos equipos de coordinación pedagóxica para que poidan propoñer e corrixir as propias accións e obxectivos dunha forma inmediata.

A avaliación será continua dende un punto de vista metodolóxico o que levará á reflexión sistemática do traballo realizado no centro e que o final quedará reflectida na memoria "Fin de Curso".

No mes de xuño farase unha valoración dos resultados académicos do alumnado por grupos, tendo en conta as características de cada un: número total de alumnos/as, alumnos/as que promocionan ao seguinte nivel e os/as que non promocionan, os/as que promocionan con materias pendentes e o alumnado con Adaptación Curricular.

Curso		A	B
	Nº total de alumnos/as		
	Alumnos/as promocionados		
	Alumnos/as promocionados. con materias pendentes		
	Alumnos/as non promocionados		
	Alumnado con AC		
	Valoración;		

Avaliación do funcionamento do centro	1	2	3	4	5
Grao de satisfacción co funcionamento dos servizos do centro (Plan Madruga, Comedor escolar, transporte)					
Grao de satisfacción co funcionamento dos equipos do centro (equipo biblioteca escolar, EDLG, TIC, Plurilingüe, actividades extraescolares, orientación...)					
Valoración da relación de colaboración do centro coas familias e a ANPA					
Valoración da relación de colaboración do centro con outros organismos ou institucións do entorno: concello, asociacións ...					
2.- Propostas de mellora para o vindeiro curso					

Para levar a cabo esta avaliación ademais da observación directa poderán deseñarse enquisas que se trasladaran aos membros implicados para a súa valoración a finais de curso e posterior elaboración da memoria final.